



DATOS IDENTIFICATIVOS

Inglés para ciencias da saúde

Materia	Inglés para ciencias da saúde			
Código	P05G170V01904			
Titulación	Grao en Fisioterapia			
Descritores	Creditos ECTS	Sinale	Curso	Cuadrimestre
	6	OP	3	1c
Lingua de impartición	Inglés			
Departamento	Filloxía inglesa, francesa e alemá			
Coordinador/a	García de la Puerta, Marta			
Profesorado	García de la Puerta, Marta			
Correo-e	mpuerta@uvigo.es			
Web	http://Faitic			

Descrición xeral 1. Desenvolvemento da comprensión e expresión orais en inglés para as Ciencias da saúde. Adquisición dos coñecementos e utilización práctica dos termos, expresións e estruturas gramaticais específicas, esenciais, para o/a futuro/a fisioterapeuta na súa relación co/a paciente de fala inglesa. Adquirir competencia en comunicación non verbal coa fin de saber interpretar mensaxes non verbais na comunicación cara a cara.

2. Adquisición de destreza oral para expresar en lingua inglesa, mediante a axuda de medios tecnolóxicos, traballos previamente elaborados.

Mediante a utilización completa e fluída dos recursos lingüísticos adquiridos, o/a futuro/a fisioterapeuta terá unha maior e mellor competencia lingüística oral en inglés para a súa utilización práctica en situacións directamente relacionadas coas prestación de cuidados fisioterapéuticos a pacientes estranxeiros. Deste modo, entenderaos cando necesite información sobre a súa saúde, minusvalía ou problema físico, informaraos concisa claramente acerca do tratamento e aplicación de medios físicos e técnicas manuais, e atenderaos, facendo uso, segundo cada caso, de ordes, instrucións, peticións amables e expresións de alento e ánimo.

3. Adquisición da destreza lectora que lle permita ampliar os seus coñecementos, coñecer os avances da investigación no estranxeiro, consultar bibliografía especializada no seu campo de estudo, acceder a documentación en xornais, artigos, revistas especializadas e libros de texto específicos, así como facilitar o manexo de equipos de alta tecnoloxía. Buscar e extraer información de textos en inglés para as ciencias da saúde.

4. Adquisición da destreza escrita de carácter científico, co obxecto de utilizala na elaboración de artigos e resumos destes («abstracts»), para a súa publicación en revistas especializadas.

5. Adquisición da destreza escrita de carácter epistolar, para a redacción de cartas formais, solicitudes de traballo, inscricións en cursos especializados, peticións de admisión de comunicacións ou conferencias en congresos, así como de cartas informais, coa fin de manter contacto con colegas ou profesionais foráneos.

6. Abordar aspectos interculturais relacionados coas Ciencias da saúde.

7. Formación e capacitación profesional para traballar en contextos, empresas e institucións estranxeiras relacionadas co ámbito das ciencias da saúde.

Estas destrezas adquiridas, xunto cunha revisión das estruturas esenciais da comunicación oral en inglés, permitiránlle, igualmente acceder a bolsas, ampliar estudos de posgrao, así como asistir a conferencias, cursos e congresos no estranxeiro.

Competencias

Código	
B19	Comunicarse de modo efectivo e claro, tanto de forma oral coma escrita, cos usuarios do sistema sanitario así como con outros profesionais.

C20	Adquisición de vocabulario propio no campo da Fisioterapia
C33	Coñecer o vocabulario Inglés imprescindible para poder entender e realizar textos no ámbito de Ciencias da Saúde
C58	Comprender e redactar textos en inglés no ámbito de Ciencias da Saúde
D2	Capacidade de análise e síntese.
D3	Capacidade de organización e planificación.
D4	Capacidade de xestión da información
D5	Resolución de problemas
D6	Toma de decisións
D7	Coñecementos de informática relativos ao ámbito de estudo
D10	Traballo en equipo
D11	Habilidades nas relacións interpersoais
D12	Razoamento crítico
D13	Recoñecemento da diversidade e a multiculturalidade.
D15	Aprendizaxe autónoma
D17	Adaptación a novas situacións
D18	Creatividade
D19	Iniciativa e espírito emprendedor
D20	Liderado
D23	Traballar con responsabilidade
D24	Manter unha actitude de aprendizaxe e mellora
D25	Manifestar respecto, valoración e sensibilidade ante o traballo dos demais
D30	Desenvolver a capacidade para organizar e dirixir

Resultados de aprendizaxe

Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe		
1. Desenvolver as destrezas de comprensión oral e escrita, así como as destrezas de expresión oral e escrita en Inglés para as Ciencias da Saúde a nivel intermedio.	B19	C20 C33 C58	D2 D4 D5 D6 D7 D12 D15 D18
2. Fomentar o desenvolvemento da lingua inglesa no ámbito das Ciencias da Saúde co fin de aplicala en situacións profesionais e, particularmente, durante unha consulta.	B19	C20 C33	D3 D4 D6 D7 D10 D11 D13 D17 D18 D19 D20 D23 D25 D30
3. Formación e capacitación profesional para traballar en contextos, institucións e centros de fisioterapia nacionais e estranxeiros relacionados co ámbito das Ciencias da Saúde.	B19	C20 C33 C58	D3 D4 D5 D6 D10 D11 D13 D17 D19 D20 D23 D24 D25 D30

Contidos

Tema

1. Introduction to communication	Recognising the different elements that make up communication. Understanding how good communication benefits the patient interview. Numerals.
2. Developing language and communications skills for the patient encounter	Receiving the patient. The presenting complaint. Past medical and family history. The social history and telephone consultations.
3. Taking past medical history, family history and carrying out the physical examination	Giving results. Planning treatment and closing the interview. Dealing with sensitive issues. Breaking bad news.
4. Interviewing different patient categories	Communicating with challenging patients. Communicating with the elderly. Communicating with children and adolescents
5. Professional Presentations	Key features of an effective presentation. Making a good introduction: Introducing yourself and your talk. Rapport building. Smooth structure: Identifying ways of organizing a presentation. Linking the parts. Non-verbal communication: Illustrating the importance of body language and voice power. Visual aids: Designing visual aids. Closing: Signalling the end, summarizing, thanking, Q&A session.

Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Actividades introdutorias	1	0	1
Seminarios	22	47	69
Metodoloxías integradas	22	48	70
Probos de resposta curta	1	4	5
Traballos e proxectos	1	4	5

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente

	Descrición
Actividades introdutorias	Presentación da materia: obxectivos, contidos, metodoloxía, criterios de avaliación etc. Realización dunha enquisa de análise de necesidades para detectar os coñecementos previos de inglés e descubrir os intereses e motivacións do alumnado.
Seminarios	Fomentarase a competencia comunicativa do alumnado mediante a posta en práctica das catro destrezas lingüísticas. Formulación, análise, resolución e debate de exercicios relacionados coa materia. Exposición oral por parte do alumnado dun tema concreto ou dun traballo relacionado coa materia. Utilización de vídeos e gravacións relacionados cos temas tratados como recurso metodolóxico importante. Actividades a través das TIC na aula de informática: busca de información en Internet, enciclopedias informáticas etc.
Metodoloxías integradas	Polas características da materia, as clases teóricas e prácticas non se imparten por separado e van integradas no transcurso da clase. Por medio de textos relacionados coas súas materias curriculares e explicacións do profesor, o alumno adquire a terminoloxía específica e a base lingüística en lingua inglesa. A metodoloxía da materia consiste nun enfoque eminentemente comunicativo e interactivo, que permite manexar as destrezas lingüísticas básicas do inglés no futuro ámbito profesional do alumno.

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Seminarios	As titorías levaranse a cabo no lugar e horario indicados na guía. Tamén se poderán realizar por correo electrónico ao enderezo do profesor indicando en asunto: titorías Fisioterapia.

Avaliación

Descrición	Cualificación Resultados de Formación e Aprendizaxe

Seminarios	Recolleranse os resultados de traballos e actividades realizadas polo estudante ao longo do curso.	10	B19	C20 C33 C58	D2 D3 D4 D5 D6 D7 D11 D12 D15 D17 D18 D20 D23
Probas de resposta curta	Análisis e resolución de exercicios prácticos relacionados coa materia.	50	B19	C20 C33 C58	D2 D3 D4 D5 D6 D7 D10 D11 D12 D13 D15 D17 D18 D19 D20 D23 D24 D25 D30
Traballos e proxectos	O/a alumno/a realizará a exposición oral en inglés dun traballo individual o en grupo.	40	B19	C20	D3 D4 D7 D10 D11 D15 D19 D23 D25 D30

Outros comentarios sobre a Avaliación

Existen dous sistemas de avaliación. A elección dun sistema exclúe ao outro.

Para poder acollerse ao sistema de avaliación continua é necesario asistir ao 80% das horas presenciais con aproveitamento e participación. Aquel/a alumno/a que non alcance dito porcentaxe, perderá esta opción.

Os alumnos que se acollan á avaliación continua se lles computarán un 60% da cualificación final cos traballos e probas do curso, e un 40% cunha proba final. Necesitarase un 50% de cada unha das partes para superar a materia.

Os traballos solicitados deberán entregarse ou presentarse nos prazos e datas marcados. A non realización dos traballos solicitados ao longo do curso computarase cunha cualificación de cero puntos.

Valorarase a participación nas actividades de clase, realización de exercicios prácticos, preparación e entrega de traballos para completar a unidade didáctica abordada, exposicións orais e traballos extraordinarios.

A avaliación única (avaliación non continua) consistirá nunha proba global final que se realizará na mesma data que a proba oficial do alumnado que se acolla á avaliación continua. Consistirá nunha proba escrita (50%) e unha exposición oral (50%). A exposición oral terá lugar a continuación da proba escrita.

En relación coa convocatoria de xullo, manteranse como superadas as partes da materia que fosen previamente aprobadas na convocatoria anterior.

Bibliografía. Fontes de información

Manual de clase (texto obligatorio):

McCULLAGH, M. *Good Practice. Communication Skills in English for the Medical Practitioner*. Student's Book. Cambridge: Cambridge University Press, 2008.

Bibliografía complementaria:

BLACK, A. & C. *Check your English Vocabulary for Medicine*. London, 2006.

GLENDINNING, E.H. y B. A.S. HOLMSTÖM. *English in Medicine*. Cambridge: Cambridge University Press, 2005.

GLENDINNING, E.H. *Professional English in Use. Medicine*. Cambridge: Cambridge University Press, 2007.

GOODMAN, N.W. y M.B. EDWARDS. *Medical writing: A prescription for clarity*. Cambridge: Cambridge University Press, 2006.

HULL, M. *Basic English for Health Care Workers*. Canada: Clayton International Consulting and Educational, 2005.

HULL, M. *Dialogues and readings: an English language workbook for nurses and medical personnel*. Canada: Clayton International Consulting and Educational, 2003.

LONGMORE, Murray et al. *Oxford Handbook of Clinical Medicine*. Oxford: Oxford University Press, 2007.

MEIER PENN, E. *Anatomy and physiology for English Language Learners*. New York: Pearson Longman, 2006.

MILNER, M. *English for Health Sciences*. Thomson Paraninfo, S.A., 2007.

PARKINSON, J. *Manual of English for the Overseas Doctor*. Edinburgh: Churchill Livingstone, 1999.

POHL, A. *Test your professional English*. England: Penguin English, 2007.

RIBES, R. y P. Ros. *Medical English*. USA: Springer EDT, 2006.

VILLEMAIRE, D. y VILLEMAIRE, L. *Grammar and writing skills for the Health Professional*. New York: Delmar/Thomson Learning, 2005.

Gramáticas:

MURPHY, R. *English Grammar in Use*. Cambridge: Cambridge University Press, 2004.

MURPHY, R. *Essential Grammar In Use: Spanish edition*. Cambridge: Cambridge University Press, 1999.

SCHRAMPFER, A. *Understanding & Using English Grammar*. 3ª edición. New Jersey: Prentice Hall, 1999.

Diccionarios:

GARRIDO, J.A. *Diccionario de terminología médica inglés-español/español-inglés. Dictionary of medical terminology English-Spanish/Spanish-English*. 4ª edición. Barcelona: Espaxs, 2006.

McElroy, O.H. *Spanish-English-Spanish Medical Dictionary for PDA. Diccionario médico español-inglés-español para PDA* (recurso electrónico). 3ª edición. Philadelphia: Lippincott Williams & Wilkins, 2006.

NOLTE-SCHLEGEL, I. *Medical Dictionary: English-Spanish-Portuguese. Diccionario de medicina: Inglés-Español-Portugués*. New York: Springer Verlag, 2004.

ROGERS, G.T. *English-Spanish, Spanish-English medical dictionary. Diccionario médico inglés-español, español-inglés*. 3ª edición. New York: McGraw-Hill, 2007.

Cambridge Advanced Learner's Dictionary (2nd edition). Cambridge: Cambridge University Press, 2005.

Gran Diccionario Oxford. Español-Inglés/Inglés-Español. (3ª edición). Oxford: Oxford University Press, 2007.

Recursos electrónicos:

<http://www.thefreedictionary.com>

<http://www.englishmed.com>

<http://www.englishclub.com/english-for-work/medical.htm>

Recomendacións

Outros comentarios

É conveniente que o alumno teña uns coñecementos previos de inglés equivalentes a un nivel intermedio de inglés (A2/B1 dentro do Marco Europeo de Referencia para as Linguas).

Lémbrese que é obrigatorio o Manual de Texto que aparece no apartado de bibliografía básica.
